



.....

Ciclo Pensarmos

José María Lassalle

***É posible dar sentido ás
máquinas? Cara a un humanismo
tecnolóxico***

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 27 de febreiro de 2020



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa.

A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo ficaron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes.

Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas. Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá.

Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas. Iniciado en 2019, o ciclo Pensarmos continúa no ano 2020 cada cuarto xoves de mes para ofrecernos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

Próxima sesións no primeiro semestre 2020:

26 de marzo: Eulalia Pérez Sedeño

25 de xuño: Nuccio Ordine

Programa

18:00 horas

Presentación

18:15 horas

É POSIBLE DAR SENTIDO ÁS MÁQUINAS? CARA A UN HUMANISMO TECNOLÓXICO

José María Lassalle dialoga con **Suso Baleato**

José María Lassalle Santander, 1966.

Doutor en Dereito, iniciou a súa traxectoria profesional como investigador e profesor na Universidad de Cantabria e na Universidad Carlos III de Madrid. Foi coordinador científico do Centro de Estudios Hispánicos e Iberoamericanos da Fundación Carolina e, máis tarde, director desta institución.

En 2004 iniciou a súa actividade política como deputado no Congreso por Cantabria. Compatibilizou a súa dedicación á política coa actividade docente na Universidad San Pablo-CEU e na Universidad Rey Juan Carlos de Madrid. En 2011 foi nomeado secretario de Estado de Cultura e, en 2016, da Axenda Dixital. En xullo de 2018 abandonou a política. É autor de numerosos ensaios e publicacións académicas sobre pensamento político e filosofía anglosaxoa e escribe periodicamente no suplemento Ideas de *El País* e na *La Vanguardia*.

Tamén é colaborador de *Las mañanas* de RNE. Na actualidade é consultor privado e senior advisor no Observatorio Panhispánico da London School of Economics, director do Foro de Humanismo Tecnolóxico de ESADE, e profesor de Teoría do Dereito e Filosofía do Dereito na Universidad Pontificia de Comillas (ICADE).

Suso Baleato

Doutor en Ciencia Política e enxeñeiro Linux, é investigador asociado da Harvard University (EE. UU.) e profesor posdoutoral na Universidade de Santiago de Compostela. Especializado na aplicación de métodos computacionais para a investigación social, o seu traballo céntrase na causalidade política e socioeconómica da tecnoloxía dixital. Foi o primeiro politólogo español en publicar na prestixiosa revista *Science*.

Contribúe á gobernanza global da transformación dixital asesorando a organismos internacionais como a OCDE, o G7 ou o G20, con énfase na privacidade e protección de datos, a intelixencia artificial e a seguridade dixital.

Organiza

Sección de Pensamento (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Carme Adán Villamarín

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

